

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Vistas as Bases do LIII Concurso de Gaitas do País de Ponteareas onde se pon como data límite de inscrición dos grupos o día 7 de setembro de 2020

Visto que a día de hoxe o número de solicitudes de participación no LIII Concurso de Gaitas do País non cubre o mínimo establecido nas bases, polo que o concurso quedaría deserto.

Visto que no apartado número 13 das Bases do Concurso indica *“A participación nesta convocatoria implica a aceptación das normas recollidas nestas bases e a conformidade coas decisións da organización e do xurado, decisión que será inapelable, sen dereito a reclamación ou recurso ningún.”*

Visto que hai grupos interesados en participar no concurso, pero non lles da tempo a facelo dentro do prazo.

En base das facultades conferidas na vixente lexislación

RESOLVO

Ampliar o prazo de presentación de solicitudes de inscrición do LIII Concurso de Gaitas do País ata o xoves día 17 de setembro ben presencial, electrónicamente ou a través de calquera das formas previstas no art. 16.4 da Lei 39/1995, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP)

Ponteareas, asinado dixitalmente